



CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE SANIDADE E A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA SOBRE A ADHESIÓN AO USO DA APLICACIÓN “RADAR COVID”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Consellería de Sanidade DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e o Ministerio de Sanidade, formalizaron o 5/3/21 o instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterá a súa vixencia durante catro anos, con posibilidade de prórroga expresa mediante acordo escrito, de conformidade co que dispón a letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer os termos da adhesión da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Consellería de Sanidade, ao uso da Aplicación “RADAR COVID”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A aplicación facilita a función de rastrexo de contactos por COVID 19 de xeito dixital, para contribuír a preservar a saúde pública sen renunciar á privacidade dos cidadáns, alertar a persoas en risco de estar contaxiadas para que poidan tomar medidas, axudando a reducir de forma efectiva as cadeas de transmisión do virus e o impacto económico.

Tamén permite á persoa usuaria da aplicación comunicar un resultado positivo mediante un código de confirmación dun só uso facilitado pola Consellería de Sanidade, e enviar unha alerta de exposición de maneira anónima a todos os usuarios da aplicación que estivesen expostos a un contacto epidemiolóxico coa persoa que comunicou o positivo nos catorce días anteriores ao envío da alerta.

Ademais, a aplicación interoperará con aplicacións similares de rastrexo na Unión Europea, mediante o nodo europeo de interoperabilidade (European Federation Gateway Service, EFGS), permitindo notificar exposicións de contacto entre usuarios das respectivas aplicacións nacionais dos Estados Membros adheridos en cada momento ao proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada.

